



Concello de Moaña

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Desde o momento en que a OMS declarou a COVID-19 como pandemia, esta alcaldía estableceu unha serie de medidas (Decreto 2020/301 e Decreto 2020/306 do 13 de marzo) para a restrición de servizos municipais e para preservar a seguridade e saúde do persoal.

Con posterioridade, despois da declaración por parte da Xunta de Galicia do estado de alerta sanitaria e despois da declaración por parte do Goberno Español do estado de alarma (Real Decreto 463/2020) o luns 16 de marzo esta alcaldía estableceu medidas extraordinarias para a restrición da actividade do persoal municipal a través do Decreto 2020/310 que foron parcialmente modificadas no Decreto 2020/373 do 13 de abril e no Decreto 2020/498 do 28 de maio.

O Decreto da Xunta de Galicia 90/2020 do 13 de xuño declara a superación da fase 3 do plan de transición cara unha nova normalidade e establece a finalización do estado de alarma ás 00:00h do día 15 de xuño. Valorando esta situación e permitindo un prazo razoable para que o persoal municipal poida organizarse, propoñemos que a partir do luns 22 de xuño rematen as medidas extraordinarias de traballo non presencial decretadas por esta Alcaldía ao abeiro do estado de alarma.

A partir deste momento, a posibilidade de traballo non presencial será obxecto de negociación coa representación do persoal.

Por todo isto, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local en concordancia co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia e o artigo 41.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía

RESOLVE:

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 96A4QCPWNNLRM2XD763AXJHDK | Corrección: <https://concelloermoana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Moaña

Primeiro: A partir do luns 22 de xuño de 2020 regresará ao seu posto de traballo presencial o 100% do persoal municipal.

Segundo. Garantiranse para todo o persoal as medidas de protección da seguridade e saúde recollidas no Plan de Continxencia fronte á Covid-19.

Terceiro. O persoal poderá solicitar, dirixíndose á área de persoal, unha adaptación do seu horario por motivo de conciliación da vida familiar e laboral.

Cuarto. Dar traslado do presente decreto a todo o persoal municipal e aos grupos políticos da corporación e dar publicidade do mesmo a través da web municipal.

Moaña, 15 de xuño de 2020.

A alcaldesa
Leticia Santos Paz

Vto. e P. A Secretaria
Paula Piñeiro Camiña

(Documento asinado dixitalmente na marxe)

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 96A4QCPWNNLRM2XD763AXJHDK | Corrección: <https://concelloermoana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2